

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de  
Estatística do día 28 de xuño de 2013

## **24-101 Datos sobre ocupacións máis contratadas**

### **PROXECTO TÉCNICO**

#### **Introdución**

O Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións ten establecidas tres áreas de traballo, dentro das que se atopa a denominada área de estudos do mercado laboral galego.

Por este motivo, véñense realizando numerosas publicacións que analizan, de xeito pormenorizado, as distintas variables que caracterizan o noso mercado de traballo: ofertas, demandas, contratos, tecido empresarial, etc. Estes traballos teñen unha natureza periódica e parten de distintas análises territoriais: autonómica, provincial e comarcal. A actualización continuada dos mesmos en formato papel, fixo que se propuxera a creación duns “indicadores do mercado laboral” que permiten realizar consultas personalizadas, onde cada usuario solicita a información que necesita en cada momento combinando distintas variables, ámbitos territoriais e períodos anuais. Esta sinxela e útil aplicación está dispoñible na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar, e vén a substituír a información recollida nas anteriores publicacións.

A participación da Consellería de Traballo e Benestar na elaboración do Plan Galego de Estatística levou a considerar, sen embargo, a pertinencia e oportunidade de manter e integrar no antedito plan unha publicación que, a priori, ía quedar eliminada pola creación dos “indicadores do mercado laboral”. Esta publicación coñecida como “Datos sobre ocupacións” facía referencia ás ocupacións máis contratadas nas catro provincias galegas, incluíndose unha pequena análise descritiva da súa situación en cada mercado de traballo provincial.

O mantemento da mesma foi obxecto dunha reflexión analítica no Observatorio Ocupacional, e decidiuse melloralala e distinguila do tipo de información descritiva proporcionada xa na aplicación de “indicadores do mercado laboral”. Así pois, mantendo a natureza do proxecto, decidiuse ampliar a información e os ámbitos territoriais (autonómico e comarcal) e mostrar os grupos ocupacionais máis contratados, analizando unha serie de indicadores elaborados no Instituto Galego das Cualificacións que sirvan, xa non só para describir, senón tamén para estudar a tendencia, o grao de ocupabilidade e a temporalidade que presentan ditas ocupacións. Esta visión presenta un carácter máis técnico, e permite facer uso dunha información que pode ser de utilidade aos distintos profesionais do mercado de traballo galego, así como aos propios demandantes de emprego que requiren información veraz sobre a situación laboral das súas ocupacións habituais en determinados ámbitos xeográficos.

Este traballo vaise a incluír dentro das “Aplicacións WEB” do Instituto Galego das Cualificacións, trasladando cada ano a serie temporal que serva para estudar uns indicadores que perfilan a situación laboral das ocupacións máis contratadas en cada ámbito territorial consultado.

## **Obxectivo**

O Instituto Galego das Cualificacións ten, entre outros fins, o de coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais, co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas, e proporcionar dita información aos profesionais do emprego, formación e orientación laboral.

## **Xustificación**

Para a elaboración dos indicadores que nos permita coñecer a evolución das ocupacións máis representativas no mercado de traballo galego empregárase a información dispoñible na propia consellería. Así, para coñecer a evolución contractual dunha determinada ocupación empregárase a información sobre contratos rexistrados na oficina de emprego público e, para coñecer a demanda dunha ocupación, utilizarase tamén a información xerada polas oficinas de emprego público, e obtida cando os demandantes de emprego se inscriben neste sistema para atoparen traballo.

Nesta operación de síntese darase unha serie de indicadores para cada ocupación, entendida esta como o grupo ocupacional (4 díxitos da CNO).

No momento de levar adiante esta operación estatística baseámonos na Clasificación Nacional de Ocupacións publicada no 1994 (CNO- 94). No entanto, na actualidade aprobouse unha nova Clasificación Nacional de Ocupacións no ano 2011 (CNO-11). A publicación desta nova clasificación no Real Decreto 1591/2010, de 26 de novembro, supón un corte na serie de datos de contratos polo que se reinician as series dende xaneiro de 2011.

Estes cambios nos grupos ocupacionais non permiten realizar nin a evolución nin as series dos mesmos, circunstancia indispensable para poder calcular os indicadores de tendencia e de ocupabilidade. Esta situación motiva un plantexamento específico para unha serie de anos onde non se poida realizar a análise quinquenal descrita nesta operación estatística. Ver Anexo II: Situación transitoria ata o ano 2016.

## **Fontes. Información de base**

Os rexistros administrativos dos que se obteñen os datos para a elaboración dos indicadores desta operación estatística pertencen ao Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (Servizo Galego de Colocación pertencente á Dirección Xeral de Emprego e Formación) que contén todos os datos relativos á comunidade, e están integrados no sistema de información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE).

A intermediación laboral na comunidade realizase a través do Servizo Galego de Colocación, esta intermediación é a que proporciona os datos que nutre ao sistema de información. Galicia optou por desenvolver o seu propio sistema de información (SICAS) para dar soporte á xestión que lle foi transferida, este sistema está conectado en tempo real á base de datos estatal para garantir a integridade da información.

Así, unha vez a información de base é recollida nas diferentes comunidades, esta intégrase no sistema estatal onde se trata para obter uns ficheiros “estadísticos” que se envían ás comunidades autónomas. Nestes ficheiros recóllese a información necesaria para elaborar a explotación estatística sobre contratos e movemento laboral rexistrado.

### **Contratos rexistrados**

É un rexistro administrativo no que se inscriben os contratos iniciais, as prórrogas e as conversións de temporais a indefinidos.

A información é transmitida mensualmente ao Instituto Galego das Cualificacións e facilítase información individualizada de cada contrato, sobre a empresa que o realiza e sobre a persoa que contrata.

A localización do centro de traballo (campo CON020-municipio do centro de traballo) é a variable que nos permitirá clasificar un contrato nun determinado ámbito xeográfico.

Para delimitar temporalmente cada contrato rexistrado, considérase a denominada data de ano- mes do proceso estatístico (CON001), que coincide cunha data de final de mes. Na elaboración dos ficheiros estadísticos, nas bases de datos estatais, establécese a data de mecanización como a data de entrada da información do contrato na base de datos e despois, á hora de facer as estatísticas, consideran a data de fin de mes como a efectiva á hora de determinar a referencia temporal de cada contrato.

Os contratos aparecen encaixados nunha tipoloxía que vén definida na propia base de datos, se ben, dentro do Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións clasificouse

esta tipoloxía en letras que determinan si dita contratación ten carácter indefinido ou temporal. No anexo I recóllese a clasificación dos diferentes tipos de contratos e a letra asignada de xeito que os contratos indefinidos serán os contratos A ou B, e os contratos temporais os C, D, E ou F.

### **Demandas de emprego**

É un rexistro administrativo no que se inscriben os demandantes de emprego.


A codificación de ditos demandantes permite seleccionar unicamente a aqueles que se consideran demandantes de emprego, discriminando aqueles outros que se inscriben como “demandantes doutros servizos” ou “demandantes sen dispoñibilidade para o emprego”. Por outra banda, no ficheiro estatístico mensual quedarían eliminados aqueles demandantes de emprego que aparecen con baixa de demanda, considerando para as nosas análises aos que seguen de alta ou en suspensión (ver anexo I).

A información é transmitida mensualmente ao Instituto Galego das Cualificacións e facilítase información individualizada de cada demanda de emprego, e así, para cada demanda tense información da persoa demandante, da súa situación (se demanda emprego ou outros servizos, e no caso de que sexa demandante de emprego se está parado ou non) e das ocupacións solicitadas.

A residencia do demandante (DEM009-municipio de residencia persoa física) será o ámbito xeográfico empregado e, para clasificar cada demandante nun único grupo ocupacional, considerarase a ocupación solicitada en primeiro lugar (demanda preferente). Así, cada demanda de emprego solicitada por un traballador pode recoller ata un máximo de seis ocupacións nas que quere traballar. Ao falar de contratados consideramos máis oportuno traballar cun dato de demandantes e non de demandas de xeito global. Por este motivo, partimos da premisa de que a ocupación solicitada no primeiro lugar conleva unha preferencia do traballador á hora de buscar emprego. Esta circunstancia permítenos falar de demandantes, isto é de demandas “preferentes”, aínda que non existe ningunha norma ou recomendación oficial nin oficiosa de que esta suposición é real en todos os casos.

### **Procedemento de cálculo**

O Servicio Público de Empleo Estatal, envía mensualmente os ficheiros cos contratos e coas demandas de emprego. O esquema da estrutura informática dos rexistros queda resumida no seguinte diagrama:



Mensualmente, o primeiro día hábil de cada mes, prodúcese a descarga dos ficheiros e a elaboración das táboas que compoñen as bases de datos de contratos e demandas sobre as que traballamos. Vai construíndose de xeito acumulativo.

Estas táboas construídas teñen o mesmo formato que o ficheiro estatístico de partida, estrutura que vén definida polos propios servizos de emprego estatais (anexo I do proxecto técnico)

As depuracións son manuais e só se realizan en caso de detectarse anomalías concretas, que poden xurdir por exemplo cando non coinciden as lonxitudes dun campo ou este aparece desprazado. Esta depuración faise empregando os ficheiros dos que dispón o Sistema de Información da Comunidade Autónoma (SICAS), que se consultan de xeito puntual en caso necesario, se ben, só dispoñemos desta posibilidade coa base de datos de demandas, xa que a de contratos lévase directamente no Servicio Público Estatal de Empleo.

Os erros encontrados nun rexistro de demandas poden localizarse en SICAS a través do DNI da persoa e, deste xeito, rectificar a información que resulta incorrecta ou imprecisa. Tamén poderían solventarse erros de variables de carácter persoal dos contratos, se previamente estes contratados estiveron rexistrados como demandantes de emprego. Cómpre salientar que a propia definición do ficheiro estatístico mostra, en ocasións, como sería o dato correcto (por exemplo buscando a lonxitude de campo e a posición dos caracteres).

## **Contratados**

Partindo da variable contratos discriminamos por distintos DNI, é dicir, acadamos o número de contratos nun ano pero realizados a distintas persoas. Esta variable manéxase co fin de evitar a temporalidade e desvirtuar o dato real de creación de emprego.

Dentro dos contratos inclúense os contratos rexistrados iniciais e tamén as conversións, é dicir, os cambios de contrato temporal a contrato indefinido. Os códigos de conversións aparecen diferenciados na táboa que aparece no anexo I deste proxecto e referido aos contratos por tipoloxía.

Cómpre salientar neste punto que se exclúen das bases de datos os contratos recollidos con código 970 que se refiren a contratos de colaboración social.

## **Demandantes**

A base de datos de demandas non é acumulativa como a de contratos, senón que ten un carácter estático recollendo as circunstancias da demanda a fin de cada mes. É dicir, o primeiro día hábil de cada mes obtemos a situación concreta das demandas a finais do mes anterior. Por este motivo, o seleccionar un mes en concreto implica sesgos que, para paliar, cubrimos coa realización dunha media aritmética dos demandantes rexistrados en todos os meses do ano ao que se refire a consulta. Deste xeito queda minimizado o sesgo mensual e contamos cunha media de demandantes preferentes nun período temporal.

A selección dos demandantes de emprego faise a través de dous filtros:

- Para determinar aos demandantes elimínanse as demandas en situación de baixa recoñecibles por levar a codificación B.
- Unha vez eliminadas as demandas en situación de baixa selecciónanse unicamente aqueles casos nos que se demanda emprego, quitando pois aos demandantes de outros servizos e aos que non teñen dispoñibilidade para o emprego.

## **Saldo neto**

O saldo neto mide a capacidade que ten o mercado laboral de cubrir as demandas de emprego dunha determinada ocupación nun período temporal concreto, atendendo ao volume de contratación recollida nese mesmo período.

O indicador calculase por diferenza entre contratados nun ámbito territorial, e os demandantes nun mesmo período temporal.

A significación do indicador vai no seguinte senso, un saldo neto positivo indicaría un superávit de contratados con respecto aos demandantes de emprego, ou dito doutro modo, o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego existentes. Indicaría pois unha mobilidade dos demandantes en dito grupo ocupacional.

Un saldo neto negativo, pola contra, indicaría un déficit de contratación, os demandantes de emprego superan os requirimentos do mercado de traballo, no que se refire ao traballo por conta allea. Esta circunstancia podería producirse por unha formación inadecuada ou insuficiente por parte dos demandantes, ou ben, porque o mercado de traballo non é quen de absorber a demanda potencial.

### **Indicador de tendencia**

Este indicador describe a evolución contractual que unha ocupación segue ao longo dun período temporal, referenciando a súa situación actual coa evolución media do período inmediatamente anterior.

O indicador calcúlase para unha serie temporal e consta dun sentido (crecemento, estabilidade e decrecemento) e dunha matización. Para o seu cálculo teranse en conta dúas variables:

- Número de contratados no último ano da serie nos distintos grupos ocupacionais (ano xx)
- Media dos contratados en dito grupo ocupacional no período anterior (xx-1, xx-2, xx-3 e xx-4).

Partindo destas dúas variables habería que establecer comparacións para determinar o tipo de evolución sinalando esta mediante frechas:

- Crecemento: se o número de contratados no ano consultado é maior á media de contratados no período de catro anos anterior.
- Estabilidade: se o número de contratados no ano consultado é igual á media de contratados no período de catro anos anterior.
- Decrecemento: se o número de contratados no ano consultado é menor á media de contratados no período de catro anos anterior.

Dada a sinxeleza deste indicador consideramos necesario matizar o tipo de crecemento/estabilidade/decrecemento atendendo a análise das variacións interanuais, o que serve para enriquecer o resultado anterior:

Así pois, cando o resultado sexa unha frecha cara arriba (crecemento) a matización pode ser de tres tipos:

- Crecemento nos 4 períodos interanuais: Crecemento sostido



- Crecemento en 3 períodos interanuais: Crecemento relevante
- Crecemento en 1 ou 2 períodos interanuais: Crecemento irregular

A frecha de estabilidade matizaríase do seguinte modo:

- Crecemento en 3 períodos interanuais: Estabilidade positiva
- Crecemento 1 u 2 períodos interanuais: Estabilidade irregular
- Constante no tempo: Estabilidade

Así pois, cando o resultado sexa unha fecha cara abaixo a matización pode ser de tres tipos:

- Decrecemento nos 4 períodos interanuais: Decrecemento sostido
- Decrecemento en 3 períodos interanuais: Decrecemento relevante
- Decrecemento en 1 ou 2 períodos interanuais: Decrecemento irregular

### **Indicador de ocupabilidade**

Este indicador intenta medir as posibilidades que un demandante de emprego ten de atopar traballo nunha ocupación, atendendo exclusivamente ás características que presenta un mercado de traballo territorial concreto.

Para calcular este indicador necesitamos dúas variables:

- indicador de tendencia co seu tipo de crecemento / estabilidade / decrecemento.
- saldo neto calculado do seguinte xeito: para cada grupo ocupacional, contratados no grupo menos demandas preferentes recollidas no ámbito territorial correspondente.

Este indicador calcúlase para unha serie temporal, polo que ao tratarse de períodos de cinco anos faremos o cálculo sumando contratados e demandas en todo o período temporal referenciado. Podemos falar dun saldo neto resumo do acontecido no ámbito territorial nos anos que comprende a serie, o que elimina posibles resultados conxunturais en anos puntuais que poderían nesgar o resultado e distorsionar as conclusións ao respecto. Por outra banda, ao comparalo cun indicador de tendencia resulta máis coherente que o saldo neto implique un resultado global de dito período e non o resultado nun ano.

A aplicación deste indicador queda reflectido no seguinte cadro de cruce de ambas as dúas variables

Tipo de crecemento	Saldo neto	
	Positivo	Negativo ou igual a cero
Crecedemento sostido	Moi alta	Alta
Crecedemento relevante		
Crecedemento irregular	Alta	Media
Estabilidade positiva		
Estabilidade/ Estabilidade irregular	Media	Baixa
Decrecemento irregular		
Decrecemento relevante		
Decrecemento sostido	Baixa	Moi baixa

### Indicador de estabilidade

Este indicador clasifica a estabilidade laboral que posúe unha determinada ocupación, comparada coa estabilidade laboral media no mercado de traballo nun período de tempo determinado.

Este indicador susténtase en dúas variables:

- Contratación indefinida (C.I.): Porcentaxe de contratados indefinidos fronte ao total de contratados ao longo dun ano. É dicir contratados indefinidos / (contratados indefinidos + contratados temporais)
- Taxa de rotación (T.R.)/persoa: número de contratos temporais para cada contratado temporal ao longo dun ano. É dicir, contratos temporais/ contratados temporais

Estes medidores calcularanse para cada grupo de ocupación e ámbito territorial seleccionado e é necesario poñelos en comparación cun indicador que calcule a media de C.I. e T.R. en cada ámbito xeográfico. É dicir, en caso de escoller unha comarca calcularíamos a porcentaxe de contratación indefinida media, sen atender a diferentes grupos ocupacionais, e a mesma operación para o cálculo da taxa de rotación/persoa media no mesmo ámbito xeográfico.

A posteriori aplicaríamos o seguinte baremo atendendo ao cruce das dúas variables anteditas:

	Situación posibles	
Estabilidade laboral alta	CI ocupación > CI medio TR ocupación < TR media	
Estabilidade laboral media	CI ocupación > CI medio TR ocupación >=TR media	CI ocupación <= CI medio TR ocupación < TR media

Estabilidade laboral baixa	CI ocupación $\leq$ CI medio TR ocupación $\geq$ TR media
----------------------------	--

A natureza deste indicador debe ser anual, calculando a estabilidade para cada un dos anos que comprende a serie seleccionada, e observando si dita estabilidade laboral vai variando ou, pola contra, consolidándose ao longo dos anos.

No caso de que algún dos anos a serie presente 0 contratados, este indicador non aparecerá calculado, xa que, ao converterse o denominador en cero, imposibilitase o seu cálculo matemático. Nestas situacións aparecerá un (-) indicándose nunha nota ao pé da táboa que: **“non procede o seu cálculo”**.

Así mesmo, esta circunstancia pode repetirse cando non aparezan contratados temporais ao non poder calcularse a taxa de rotación.

## **Difusión**

Os indicadores definidos no epígrafe anterior difúndense para un grupo ocupacional (CNO-2011 a 4 díxitos) referido a un ámbito xeográfico determinado (Galicia, provincias ou comarcas) e para período temporal concreto.

### **Ámbito xeográfico**

A selección do ámbito xeográfico pode realizarse a tres niveis: autonómico, provincial e comarcal

### **Grupo ocupacional<sup>1</sup>**

A selección do grupo ocupacional vén determinada polo ámbito territorial seleccionado coa limitación máxima de 100 grupos ocupacionais para os ámbitos autonómico e provincial, e de 20 grupos ocupacionais cando se consulten datos comarcais. Esta selección farase atendendo ao seu maior volume de contratados, é dicir, realizarase un filtro previo polo que só se difunden os datos dos grupos máis contratados no ano de referencia (último ano) de cada serie temporal e coa limitación máxima descrita.

Nas comarcas establecéronse uns filtros a maiores dado que, algunhas delas, puideran non contar con representatividade contractual suficiente para presentar 20 grupos ocupacionais de interese. Por este motivo, só aparecen (con límite xenérico de 20 grupos máis contratados) as que contén con máis de 3 contratados de media aritmética calculada para os cinco anos da serie e, ademais, aparezan con máis de 3 contratados no último ano de dita serie temporal. Trátase de evitar que apareza información pouco relevante que non permita ademais calcular indicadores axeitados e realmente significativos dende o punto de vista do mercado de traballo.

Así mesmo, cando haxa coincidencia no número de contratados no último ano, e non podamos seleccionar todos os grupos ocupacionais que presenten dita circunstancia (debido ao corte de 20 grupos) prevalecerá o que teña máis contratados no conxunto dos cinco anos da serie, co fin de quedarnos con ocupacións que resulten máis representativas.

---

<sup>1</sup> As referencias neste apartado ás series temporais de cinco anos só se verán alteradas segundo a explicación contida no Anexo II: Situación transitoria ata o 2016.

## Período temporal<sup>2</sup>

Temos indicadores que se calculan para un ano (contratados, demandantes, saldo neto e indicador de estabilidade) e outros indicadores que se calculan para unha serie temporal (indicador de ocupabilidade e de tendencia).

A información presentárase en períodos de cinco anos, ao considerarse este un período axeitado para realizar unha análise de evolución das variables relacionadas co mercado de traballo. Anteriormente ao ano 2000 non dispoñemos de datos fiables, polo que as series realizaranse deste ano cara adiante: 2000-2004/ 2001-2005/ 2002-2006. O traballo irá incorporando novas series ao comezar un novo ano ata chegar 2006-2010 no que se produce unha ruptura.

A táboa, para unha ocupación, terá unha estrutura como a que segue, para cada ámbito xeográfico e para cada serie temporal (neste caso poñemos 2011-2015)

	2011	2012	2013	2014	2015
CONTRATADOS					
% CONTRATADOS SOBRE O TOTAL					
DEMANDANTES MEDIOS ANUAIS					
% DEMANDANTES MEDIOS SOBRE O TOTAL					
SALDO NETO					
INDICADOR DE ESTABILIDADE LABORAL					

<b>INDICADOR TENDENCIA</b>		
Clasificación da tendencia		
<b>INDICADOR OCUPABILIDADE</b>		

No que respecta á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, incorporamos a este proxecto técnico dúas puntualizacións ao respecto que veñen sendo habituais nos traballos do Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións da Consellería de Traballo e Benestar:

(-) Non procede, nos casos en que no se pode facer o cálculo (circunstancia que pode darse nalgún indicador comarcal).

(x) Dato confidencial, dato protexido pola Lei de Protección de Datos Persoais.

---

<sup>2</sup> A consideración de períodos de cinco anos só se verá alterada transitoriamente segundo o disposto no Anexo II: Situación transitoria ata o 2016.

A forma de publicación será telemática, a través da páxina web da Consellería de Traballo e Benestar.

## **Anexos**

### **Anexo I: Ficheiros estatísticos enviados polo Servicio Público de Empleo Estatal e táboas de códigos**

Neste anexo recolleemos unha listaxe dos campos que posúen os ficheiros estatísticos mensuais de demandas e de contratos. Ademais tamén recolleemos dúas táboas, unha onde se amosan os diferentes códigos de contrato (campo CON006) coa a súa tipoloxía (temporal ou indefinido) e outra onde se define a situación administrativa dos demandantes (alta, baixa e suspensión) xunto co código de tres díxitos da causa da situación (campos DEM061 e DEM062)

### **Anexo II : SITUACIÓN TRANSITORIA ATA O 2016**

**Anexo I: Ficheiros estatísticos enviados polo Servico Público  
de Empleo Estatal e táboas de códigos**

## Táboa de códigos de contratos

CLAVE	TIPOLOXÍA CONTRACTUAL	DURACION	TIPOLOXIA	LETRA
100	Contrato de traballo por tempo indefinido (ordinario)	indefinida	Indefinido	A
109	Comunicación de conversión de contrato temporal a indefinido	indefinida	Indefinido	A
130	Contrato de traballo indefinido para a contratación de traballadores minusválidos, R.D. 1451/1983 de 11 de maio	indefinida	Indefinido	A
131	Contrato de traballo indefinido para a contratación de traballadores minusválidos (Real Decreto. 145/1983 de 11 de maio)	indefinida	Outros	A
139	Comunicación de conversión en indefinido do contrato de traballo temporal para minusválido	indefinida	Indefinido	A
150	Contrato de traballo polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballan en centros especiais de emprego	indefinida	Indefinido	A
151	fomento contratación indefinida/emprego estable	indefinida	Outros	A
189	Comunicación de conversión de contrato temporal en contrato indefinido (Non bonificado)	indefinida	Indefinido	A
200	Contrato de traballo por tempo indefinido a tempo parcial acollido a medidas de fomento do emprego (lei 24/2001, lei 12/2001) (non bonificado)	indefinida	Indefinido tempo parcial	B
209	Conversión de contrato temporal en contrato indefinido para minusválidos que traballen nos centros especiais de emprego (Bonificado)	indefinida	Indefinido tempo parcial	B
230	Contrato de traballo indefinido para a contratación de traballadores minusválidos (Real Decreto. 1451/1983 de 11 de maio)	indefinida	Indefinido tempo parcial	B
231	minusválidos	indefinida	Indefinido tempo parcial	B
239	Comunicación de conversión en indefinido do contrato de traballo temporal para minusválido	indefinida	Indefinido tempo parcial	B
250	Contrato de traballo polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballan en centros especiais de emprego	indefinida	Indefinido tempo parcial	B
251	fomento contratación indefinida/emprego estable	indefinida	Indefinido tempo parcial	B
289	Comunicación de conversión de contrato temporal en contrato indefinido (Non bonificado)	indefinida	Indefinido tempo parcial	B
300	Contrato de traballo para a realización de traballo fixos descontinuos (non bonificado)	indefinida	Indefinido	A
309	Comunicación de conversión de contrato temporal en contrato indefinido para a realización de traballo fixos descontinuos (bonificado)	indefinida	Indefinido	A
330	Contrato de traballo indefinido para a contratación de traballadores minusválidos (Real Decreto. 145/1983 de 11 de maio)	indefinida	Indefinido	A



331	minusválidos (fixos descontinuo)	indefinida	Outros	A
350	Contrato de traballo polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballan en centros especiais de emprego	indefinida	Indefinido	A
351	fomento contratación indefinida/emprego estable	indefinida	Outros	A
389	Comunicación de conversión de contrato temporal en contrato indefinido para a realización de traballo fixos descontinuos (non bonificado)	indefinida	Indefinido	A
401	Contrato de traballo de duración determinada (Obra o servizo determinado)	Temporal	Temporal	C
402	Contrato de traballo de duración determinada (eventual por circunstancias da produción)	Temporal	Temporal	C
403	Contrato de traballo de inserción	temporal	Temporal	C
408	Contrato de carácter administrativo	temporal	Temporal	C
410	Contrato de traballo de interinidade con bonificación para substituír a trab. durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento preadoptivo permanente ou por risco durante embarazo	Temporal	Temporal	C
420	contrato de traballo en prácticas	Temporal	Prácticas/Formación	E
421	contrato de traballo para a formación	Temporal	Prácticas/Formación	E
430	Contrato de traballo temporal para traballadores minusválidos	temporal	Temporal	C
431	minusválidos	temporal	Outros	F
441	Contrato de traballo de relevo	temporal	Temporal parcial	tempo D
450	Contrato de traballo de obra ou servizo para traballadores penados en institucións penitenciarias	temporal	Outros	F
451	fomento contratación indefinida/emprego estable	Temporal	Outros	F
501	Contrato de traballo de duración determinada (Obra ou servizo determinado)	temporal	Temporal parcial	tempo D
502	Contrato de traballo de duración determinada (Eventual por circunstancias da produción)	temporal	Temporal parcial	tempo D
503	Contrato de traballo de inserción	temporal	Temporal parcial	tempo D
510	Contrato de traballo de interinidade con bonificación para substituír a traballadores durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento preadoptivo ou permanente ou por risco durante embarazo	temporal	Temporal parcial	tempo D
520	contrato de traballo en prácticas	Temporal	Prácticas/Formación	E
530	Contrato de traballo temporal para traballadores minusválidos	temporal	Temporal parcial	tempo D
531	minusválidos	temporal	Outros	F
540	Contrato de traballo de duración determinada (Situación xubilación parcial)	temporal	Temporal	tempo D

			parcial	
541	contrato de trabajo de relevo	temporal	Temporal parcial	tempo D
550	Contrato de trabajo para traballadores penados en institucións penitenciarias	Temporal	Temporal parcial	tempo D
551	fomento contratación indefinida/emprego estable	indefinida	Outros	B
970	Contrato colaboración social	temporal	Outros	F
980	Xubilación especial 64 anos	temporal	Outros	F
990	Contratación de traballadores desempregados maiores de 52 anos beneficiados dos subsidios por desemprego R.D. LEI 5/2002, de 24 de maio, disposición transitoria quinta (non bonificada)	temporal	Outros	F

## Táboa de situacións administrativas da demanda.

Código	Descrición
<b>ALTA</b>	
700	ALTA POR INSCRIPCIÓN
701	ALTA POR COBERTURA DE PUESTO (A EXTINGUIR)
702	ALTA POR COMIENZO DE EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPLEO
703	ALTA POR RECUPERACIÓN DE BAJA ERRÓNEA
704	ALTA CON RECUPERACIÓN DE UN PERIODO EN SITUACIÓN DE BAJA
705	ALTA POR IGUALACIÓN
706	ALTA POR INSCRIPCIÓN INICIAL
707	ALTA POR REACTIVACIÓN DE LA SUSPENSIÓN
708	ALTA POR FINALIZACIÓN DE DEMANDANTE DE OTROS SERVICIOS
709	ALTA POR INSCRIPCIÓN COMO DEMANDANTE DE OTROS SERVICIOS
<b>BAIXA</b>	
001	BAJA POR COLOCACIÓN COMUNICADA CON OFERTA PREVIA
003	BAJA POR COLOCACIÓN POR ALTA EN EL RÉGIMEN ESPECIAL DE AUTÓNOMOS
004	BAJA POR COLOCACIÓN COMUNICADA SIN OFERTA PREVIA
017	BAJA POR FIN DE EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPLEO
019	BAJA POR LLAMAMIENTO DE FIJO DISCONTINUO
025	BAJA POR DEMANDA INCOMPLETA
035	BAJA POR FIN DE DISPONIBILIDAD
036	BAJA POR INVALIDEZ PERMANENTE TOTAL
037	BAJA POR INVALIDEZ ABSOLUTA GRAN INVALIDEZ
038	BAJA POR JUBILACIÓN
039	BAJA POR CUMPLIMIENTO DE LA EDAD MÍNIMA DE JUBILACIÓN (REASS)
061	BAJA POR OTRAS CAUSAS
062	BAJA PROVISIONAL POR DEMANDANTE NO LOCALIZABLE
070	BAJA POR NO COMPARECER ANTE LA ENTIDAD GESTORA
071	BAJA POR NO-RENOVACIÓN DE LA DEMANDA
072	BAJA POR NEGARSE A PARTICIPAR EN ACCIONES DE PROMOCIÓN, FORMACIÓN O RECICLAJE PROFESIONAL
073	BAJA POR RECHAZAR OFERTA DE EMPLEO ADECUADA
074	BAJA POR NEGARSE A PARTICIPAR EN TRABAJOS DE COLABORACIÓN SOCIAL
075	BAJA POR NEGARSE A PARTICIPAR EN PROGRAMAS DE EMPLEO
077	BAJA POR SANCIÓN
100	BAJA VOLUNTARIA
102	BAJA POR EXPORTACIÓN DE LA PRESTACIÓN
103	BAJA POR DEFUNCIÓN
105	BAJA POR IGUALACIÓN
107	BAJA POR MANIFESTACIÓN DE COLOCACIÓN
109	BAJA POR PRIVACIÓN DE LIBERTAD POR CUMPLIMIENTO DE CONDENA
110	BAJA POR NO RENOVACIÓN DEL PERMISO DE TRABAJO

111	BAJA POR CANCELACIÓN DE LA DEMANDA
<b>SUSPENSIÓN</b>	
030	INCAPACIDAD TEMPORAL SIN INTERMEDIACIÓN
031	MATERNIDAD, ADOPCIÓN O ACOGIMIENTO SIN INTERMEDIACIÓN
032	EMBARAZO CON RIESGO SIN INTERMEDIACIÓN
033	SUSPENSIÓN POR TRIBUNAL MÉDICO PENDIENTE SIN INTERMEDIACIÓN
106	PRISIÓN PREVENTIVA
108	PRIVACIÓN DE LIBERTAD POR CUMPLIMIENTO DE CONDENA DE DEMANDANTES PERCEPTORES DE PRESTACIONES
114	OBLIGACIONES FAMILIARES SIN INTERMEDIACIÓN
121	ASISTENCIA A CURSOS DE FORMACIÓN SIN INTERMEDIACIÓN
124	ASISTENCIA A ESCUELAS TALLER Y CASAS DE OFICIO SIN INTERMEDIACIÓN
125	SUSPENSIÓN POR DEFUNCIÓN
530	INCAPACIDAD TEMPORAL CON INTERMEDIACIÓN
531	MATERNIDAD, ADOPCIÓN O ACOGIMIENTO CON INTERMEDIACIÓN
532	EMBARAZO CON RIESGO CON INTERMEDIACIÓN
533	SUSPENSIÓN POR TRIBUNAL MÉDICO PENDIENTE CON INTERMEDIACIÓN
614	OBLIGACIONES FAMILIARES CON INTERMEDIACIÓN
621	ASISTENCIA A CURSOS DE FORMACIÓN CON INTERMEDIACIÓN
624	ASISTENCIA A ESCUELAS TALLER Y CASAS DE OFICIO CON INTERMEDIACIÓN
625	SUSPENSIÓN POR ADSCRIPCIÓN A TRABAJOS DE COLABORACIÓN SOCIAL
626	SUSPENSIÓN POR COBERTURA APLAZADA
627	SUSPENSIÓN POR LLAMAMIENTO APLAZADO



**MODELO DE DEFINICIÓN DE DATOS COMUNES DEL SISTEMA PÚBLICO DE EMPLEO - PROYECTO SISPE (ET1)**  
**Dominio: INTERMEDIACIÓN.Estadística**      **Fichero estadístico: FICHERO MENSUAL CONTRATOS (CON)**  
**Actualización a 22 de Marzo de 2004**

<b>CÓDIGO</b>	<b>ATRIBUTO</b>	<b>FORMATO</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>
CON001	Año - Mes de proceso estadístico	N06	
CON002	Identificador del contrato	A16	
CON003	Identificador de persona física	A10	
CON004	Identificador de la empresa	A09	
CON005	Identificador de la cuenta de cotización	N13	
CON006	Código de contrato	N03	
CON007	UAG de registro	A10	
CON008	Fecha de registro	A08	
CON009	Fecha de mecanización	A08	
CON010	Fecha de inicio	A08	
CON011	Fecha de término	A08	
CON012	Fecha de término real	A08	
CON013	Indicador de convenio colectivo	A01	
CON014	Causa objeto de interinidad	A01	
CON015	Titulación académica	N12	
CON016	Nivel formativo	N02	
CON017	Indicador de discapacidad	A01	
CON018	Ocupación	A08	
CON019	Nacionalidad del centro de trabajo	N03	
CON020	Municipio del centro de trabajo	N05	
CON021	Período de tiempo	A01	
CON022	Horas de jornada	N4.2	
CON023	Horas de convenio	N4.2	

**MODELO DE DEFINICIÓN DE DATOS COMUNES DEL SISTEMA PÚBLICO DE EMPLEO - PROYECTO SISPE (ET1)**

Dominio: INTERMEDIACIÓN.Estadística

Fichero estadístico: FICHERO MENSUAL CONTRATOS (CON)

Actualización a 22 de Marzo de 2004

CON024	Porcentaje reducción jubilación parc.	N02	
CON025	Horas de formación	N4.2	
CON026	Indicador certificado horas formación	A01	
CON027	Colectivo control edad en cto. formación	N02	
CON028	Código de escuela taller	A03	
CON029	Identificador de la oferta	A12	
CON030	Indicador existencia de copia básica	A01	
CON031	Tipo de firma de copia básica	N01	
CON032	Código de programa de empleo	N02	
CON033	Entidad Colaboradora	N01	
CON034	Actuación	A03	
CON035	Ejercicio Presupuestario	N04	
CON036	Identificador empresa usuaria en cto. ETT	A09	
CON037	Indicador de bonificación	N01	
CON038	Código colectivo de bonificación	N02	
CON039	Legislación de bonificación	N02	
CON040	Indicador de empleador autónomo	N01	
CON041	Indicador Fomento contratac. indefinida	N01	
CON042	Colectivo Fomento contratac. indefinida	N02	
CON043	Legislación Fomento contratac. indefinida	N02	
CON044	Otras Disposiciones Legales	N03	
CON045	Tipo empleador en cto. de investigación	N01	
CON046	Tipo trabajador en cto. de investigación	N01	
CON047	Tipo trabajador en cto. de relevo	N01	
CON048	Grupo de Cotización	N02	
CON049	Marca Contrato no Modificable	N01	
CON050	Código de error	N04/10(10 ocurrencias)	



**MODELO DE DEFINICIÓN DE DATOS COMUNES DEL SISTEMA PÚBLICO DE EMPLEO - PROYECTO SISPE (ET1)**

**Dominio: INTERMEDIACIÓN.Estadística**

**Fichero estadístico: FICHERO MENSUAL CONTRATOS (CON)**

**Actualización a 22 de Marzo de 2004**

CON051	Indicador contrato de grupo	A01 Valores posibles S/N	
CON052	Duración del contrato (días)	N04	
<b>Datos de la entidad Persona Física</b>			
CON053	Edad de la persona física	N02	
CON054	Fecha de nacimiento	N08	
CON055	Sexo de la persona física	A01	
CON056	Indicador de Minusvalía de Persona Física	N01	
CON057	Municipio de la persona física	N05	
CON058	País de residencia	N03	
CON059	Código postal de la persona física	N05	
CON060	Nacionalidad de la persona física	N03	
<b>Datos de la entidad Cuenta de Cotización</b>			
CON061	Actividad económica de la cta. cotización	A02	
CON062	Municipio de la cta. cotización	N05	
CON063	Código postal de la cta. cotización	N05	
CON064	Número de trabajadores de la cta. cotización	N06	
CON065	Centro especial de empleo	A01	
<b>Datos de la entidad Transformación a indefinido</b>			
CON066	Código del contrato inicial	N03(Sólo transformaciones)	
CON067	Fecha de inicio del contrato inicial	A08 (Sólo transformaciones)	
CON068	Duración del contrato inicial+prórrogas (días)	N04 (Sólo transformaciones)	
CON069	Período de tiempo del contrato inicial	A01 (Sólo transformaciones)	
CON070	Indicador de discapacidad del contrato inicial	A01 (Sólo transformaciones)	
CON071	Indicador de cto. Exclusión social	N01 (Sólo transformaciones)	
	<b>Filler</b>	N09	Datos para uso del sistema

**Longitud de registro: 326**



**MODELO DE DEFINICIÓN DE DATOS COMUNES DEL SISTEMA PÚBLICO DE EMPLEO - PROYECTO SISPE (ET1)**

Dominio: INTERMEDIACIÓN.Estadística

Fichero estadístico mensual: DEMANDAS (DEM)

Actualizado a 17 de MARZO de 2004 (Ampliado enero de 2007)

CÓDIGO	ATRIBUTO	FORMATO	OBSERVACIONES
DEM001	Fecha a la que corresponden los datos del registro	AAAAMM	
DEM002	FILLER	N9	De uso interno por el sistema
DEM003	Identificador persona física	A10	
DEM004	Sexo persona física	A1	
DEM005	Fecha de nacimiento	A8 (AAAAMMDD)	
DEM006	Edad persona física	N3	
DEM007	País de nacionalidad persona física	N3	
DEM008	Indicador demandante extranjero	N1	
DEM009	Municipio residencia persona física	N5	
DEM010	Código postal residencia persona física	N5	
DEM011	Nivel formativo de intermediaron de la demanda	A2	
DEM012	Ocupación solicitada	A8/6	
DEM013	Nivel profesional de la ocupación	A2/6	
DEM014	Experiencia en la ocupación (meses)	N3/6	
DEM015	Fecha solicitud ocupación	A8 (AAAAMMDD)/6	
DEM016	Titulación académica	A12/4	
DEM017	Fecha de obtención de la titulación	A8 (AAAAMMDD)/4	
DEM018	Idioma que conoce el demandante	N2/8	
DEM019	Nivel lectura	N1/8	
DEM020	Nivel escritura	N1/8	
DEM021	Nivel habla	N1/8	
DEM022	Indicador interpretación	A1/8	
DEM023	Indicador traducción	A1/8	
DEM024	Indicador docencia	A1/8	
	<b>FORMACIÓN COMPLEMENTARIA</b>		
DEM025	Nivel formativo	N2/10	
DEM026	Área de conocimiento	A5/10	
DEM027	Familia profesional para intermediaron	A3/10	
DEM028	Número de horas	A4/10	
DEM029	Discapacidad del demandante	N4/3	

**MODELO DE DEFINICIÓN DE DATOS COMUNES DEL SISTEMA PÚBLICO DE EMPLEO - PROYECTO SISPE (ET1)**

Dominio: INTERMEDIACIÓN.Estadística

Fichero estadístico mensual: DEMANDAS (DEM)

Actualizado a 17 de MARZO de 2004 (Ampliado enero de 2007)

DEM030	Situación laboral actual	N2	
DEM031	Fecha inicio situación laboral actual	A8 (AAAAMMDD)	
DEM032	Tiempo que lleva la demanda en esa situación lab. (días)	N4	
DEM033	Jornada de trabajo solicitada	N1	
DEM034	Periodo de tiempo si tiempo parcial	A1	
DEM035	Numero horas tiempo parcial	A4	
DEM036	Fecha inicio disponibilidad	A8 (AAAAMMDD)	
DEM037	Fecha fin disponibilidad	A8 (AAAAMMDD)	
DEM038	Indicador tipo ERE	N1	
DEM039	Fecha inicio ERE	A8 (AAAAMMDD)	
DEM040	Fecha fin ERE	A8 (AAAAMMDD)	
DEM041	Indicador trabajo a domicilio	A1	
DEM042	Indicador de autoempleo	A1	
DEM043	Indicador fijo discontinuo	A1	
DEM044	Indicador teletrabajo	A1	
DEM045	Actividad económica en la que ha trabajado	A2	
DEM046	Colectivo especial	A2/10	
DEM047	Fecha colectivo especial	A8 (AAAAMMDD)/10	
DEM048	Indicador perceptor prestaciones	N1	
DEM049	Causa de alta de la prestación	A2	
DEM050	Causa de baja de la prestación	A3	
DEM051	Fecha de inicio de la prestación	A8	
DEM052	Fecha fin de la prestación	A8	
DEM053	Base reguladora	A9	
DEM054	Ámbito búsqueda de empleo	N2	
DEM055	Indicador trabajo fuera de su CCAA	A1	
DEM056	Indicador trabajo solo fuera de su CCAA	A1	
DEM057	Indicador trabajo UE-EEE (Excepto ESPAÑA)	A1	
DEM058	Indicador trabajo fuera UE-EEE	A1	
DEM059	UAG de la inscripción	A10	
DEM060	Ultima fecha de inscripción como demandante	A8 (AAAAMMDD)	

**MODELO DE DEFINICIÓN DE DATOS COMUNES DEL SISTEMA PÚBLICO DE EMPLEO - PROYECTO SISPE (ET1)**

Dominio: INTERMEDIACIÓN.Estadística

Fichero estadístico mensual: DEMANDAS (DEM)

Actualizado a 17 de MARZO de 2004 (Ampliado enero de 2007)

DEM061	Situación administrativa actual del demandante	A1	
DEM062	Causa de la situación administrativa actual	N3	
DEM063	Fecha inicio situación administrativa actual	A8 (AAAAMMDD)	
DEM064	Fecha causa de la situación administrativa actual	A8 (AAAAMMDD)	
DEM065	Fecha real causa de situación	A8(AAAAAMMDD)	
DEM066	UAG que captura la situación	A10	
DEM067	Fecha último traslado	A8 (AAAAMMDD)	
DEM068	Tiempo que lleva inscrita la demanda (días)	N4	
DEM069	Indicador de demanda de larga duración	N1	
DEM070	Causa de exclusión de paro	A4	
DEM071	Indicador demandante inscrito	N1	
DEM072	Tiempo desempleo los 6 últimos meses	N5	
DEM073	Tiempo desempleo los 12 últimos meses	N5	
DEM074	Tiempo desempleo los 24 últimos meses	N5	
DEM075	Comunidad autónoma de inscripción	A2	Es la de inscripción en lugar de la de residencia
DEM076	Indicador alta nueva de la demanda	A1	
DEM077	Situación de la demanda en el período	A1/3	
DEM078	Días en desempleo en el período	N5/3	
DEM079	Fecha último recálculo días en desempleo	A8	
DEM 080	Pais ámbito búsqueda de empleo	A3/25	
DEM081	CCAA ámbito búsqueda de empleo	A3/25	
DEM082	Indicador ocupabilidad	N1	
DEM083	Identificador de persona física	A12	
DEM084	Libre	A10	

## **Anexo II : SITUACIÓN TRANSITORIA ATA O 2016**

### **PUBLICACIÓN NO ANO 2011**

---

Aparece a última serie completa pola antiga CNO- 94 e correspóndese co período 2006-2010.

### **PUBLICACIÓN NO ANO 2012**

---

Non se elaboran os indicadores xa que só se contaba cun ano (2011) coa nova nomenclatura e non nos permitía realizar todos os cálculos.

Maila isto, no ano 2012 difúndese na páxina web un informe anual sobre as ocupacións máis contratadas, que non da continuidade aos indicadores facilitados por esta OE, pero achega información de base sobre o número de contratados en cada grupo ocupacional.

### **PUBLICACIÓN NO ANO 2013**

---

Non se elaboran os indicadores xa que a posibilidade de datos de dous anos 2011 e 2012 non permite levar adiante os indicadores de tendencia e ocupabilidade.

A OE pasa a reestruturación e trabállase na modificación do proxecto. Ao igual que no ano anterior difúndese a información de base sobre contratados por ocupación.

### **PUBLICACIÓN NO ANO 2014**

---

Aínda que a operación estatística está plantexada para 5 anos consideramos posible realizar os cálculos con, polo menos, tres anos: 2011, 2012 e 2013.

Difundiranse os indicadores anuais de contratados, demandantes e saldo neto segundo se detalla no proxecto para cada un dos tres anos.

Tanto o indicador de tendencia como o de ocupabilidade deben de experimentar lixeiros axustes para poder levalos adiante.

#### **Indicador de tendencia:**

Este indicador describe a evolución contractual que unha ocupación segue ao longo dun período temporal, referenciando a súa situación actual coa evolución media do período inmediatamente anterior.

O indicador calcúlase para unha serie temporal e consta dun sentido (crecemento, estabilidade e decrecemento) e dunha matización. Para o seu cálculo teranse en conta dúas variables:

- Número de contratados no último ano da serie nos distintos grupos ocupacionais (ano 2013)
- Media dos contratados en dito grupo ocupacional no período anterior (2011 e 2012).

Partindo destas dúas variables habería que establecer comparacións para determinar o tipo de evolución sinalando esta mediante frechas:

- Crecemento: se o número de contratados no ano consultado é maior á media de contratados no período de dous anos anterior.

- Estabilidade: se o número de contratados no ano consultado é igual á media de contratados no período de dous anos anterior.
- Decremento: se o número de contratados no ano consultado é menor á media de contratados no período de dous anos anterior.

Dada a sinxeleza deste indicador consideramos necesario matizar o tipo de crecemento/estabilidade/decremento atendendo a análise das variacións interanuais, o que serve para enriquecer o resultado anterior:

Así pois, cando o resultado sexa unha frecha cara arriba (crecemento) a matización pode ser de tres tipos:

- Crecemento nos 2 períodos interanuais: Crecemento sostido
- Crecemento en 1 período interanual: Crecemento irregular

A frecha de estabilidade matizaríase do seguinte modo:

- Crecemento en 1 período interanual: Estabilidade irregular
- Constante no tempo: Estabilidade

Así pois, cando o resultado sexa unha frecha cara abaixo a matización pode ser de tres tipos:

- Decremento nos 2 períodos interanuais: Decremento sostido
- Decremento en 1 período interanual: Decremento irregular

### Indicador de ocupabilidade

Para calcular este indicador necesitamos dúas variables:

- indicador de tendencia co seu tipo de crecemento / estabilidade / decremento.
- saldo neto calculado do seguinte xeito: para cada grupo ocupacional, contratados no grupo menos demandas preferentes recollidas no ámbito territorial correspondente.

A aplicación deste indicador queda reflectido no seguinte cadro de cruce de ambas as dúas variables:

Tipo de crecemento	Saldo neto	
	Positivo	Negativo ou igual a cero
Crecemento sostido	Moi alta	Alta
Crecemento irregular	Alta	Media
Estabilidade/ Estabilidade irregular Decremento irregular	Media	Baixa

Decrecemento sostido	Baixa	Moi baixa
----------------------	-------	-----------

Na aplicación web aparecerá a principios de 2014 con datos para os tres anos e irase completando en anos sucesivos ata acadar novamente o período quinquenal.

### **PUBLICACIÓN NO ANO 2015**

Este ano contamos con catro anos para a realización dos cálculos: 2011, 2012, 2013 e 2014.

Tanto o indicador de tendencia como o de ocupabilidade deben de experimentar lixeiros axustes para poder levalos adiante.

#### **Indicador de tendencia:**

Este indicador describe a evolución contractual que unha ocupación segue ao longo dun período temporal, referenciando a súa situación actual coa evolución media do período inmediatamente anterior.

O indicador calcúlase para unha serie temporal e consta dun sentido (crecemento, estabilidade e decrecemento) e dunha matización. Para o seu cálculo teranse en conta dúas variables:

- Número de contratados no último ano da serie nos distintos grupos ocupacionais (ano 2014)
- Media dos contratados en dito grupo ocupacional no período anterior (2011, 2012 e 2013).

Partindo destas dúas variables habería que establecer comparacións para determinar o tipo de evolución sinalando esta mediante frechas:

- Crecemento: se o número de contratados no ano consultado é maior á media de contratados no período de tres anos anterior.
- Estabilidade: se o número de contratados no ano consultado é igual á media de contratados no período de tres anos anterior.
- Decrecemento: se o número de contratados no ano consultado é menor á media de contratados no período de tres anos anterior.

Dada a sinxeleza deste indicador consideramos necesario matizar o tipo de crecemento/estabilidade/decrecemento atendendo a análise das variacións interanuais, o que serve para enriquecer o resultado anterior:

Así pois, cando o resultado sexa unha frecha cara arriba (crecemento) a matización pode ser de tres tipos:

- Crecemento nos 3 períodos interanuais: Crecemento sostido
- Crecemento en 2 períodos interanuais: Crecemento relevante

- Crecemento en 1 período interanual: Crecemento irregular

A frecha de estabilidade matizaríase do seguinte modo:

- Crecemento en 2 períodos interanuais: Estabilidade positiva
- Crecemento en 1 período interanual: Estabilidade irregular
- Constante no tempo: Estabilidade

Así pois, cando o resultado sexa unha fecha cara abaixo a matización pode ser de tres tipos:

- Decrecemento nos 3 períodos interanuais: Decrecemento sostido
- Decrecemento en 2 períodos interanuais: Decrecemento relevante
- Decrecemento en 1 período interanual: Decrecemento irregular

### Indicador de ocupabilidade

Para calcular este indicador necesitamos dúas variables:

- indicador de tendencia co seu tipo de crecemento / estabilidade / decrecemento.
- saldo neto calculado do seguinte xeito: para cada grupo ocupacional, contratados no grupo menos demandas preferentes recollidas no ámbito territorial correspondente.

A aplicación deste indicador queda reflectido no seguinte cadro de cruce de ambas as dúas variables:

Tipo de crecemento	Saldo neto	
	Positivo	Negativo ou igual a cero
Crecemento sostido	Moi alta	Alta
Crecemento relevante		
Crecemento irregular	Alta	Media
Estabilidade positiva		
Estabilidade/ Estabilidade irregular	Media	Baixa
Decrecemento irregular		
Decrecemento relevante	Baixa	Moi baixa
Decrecemento sostido		

Aparecerá na aplicación WEB a principios de 2015 con datos para os catro anos.

No ano 2016 a operación estatística retomará a súa estrutura inicial realizándose a análise quinquenal.